



Valoración de urxencia da nova Lei de pensións que vai ser votada no Congreso de Deputadas e Deputados

No ano 2022 as pensións perderán máis de 3 puntos de poder adquisitivo.

O Movemento Galego pola Defensa das Pensións e os Servizos Públicos chama a persoas pensionistas a se mobilizaren en defensa do poder adquisitivo das súas pensións!

Previsibelmente, esta semana votárase o texto definitivo da *Lei de garantía de poder adquisitivo das pensións e doutras medidas de reforzo da sustentabilidade financeira e social do sistema público de pensións*. Coñecidas as emendas aceptadas polo Goberno, facemos unha valoración de urxencia.

Aspectos positivos

A mobilización social sostida desde 2018 conseguiu converter en lei algunhas das demandas do movemento en defensa do carácter público do sistema de pensións.

1ª. Artigo 1.13. Os chamados gastos impropios da Seguridade Social serán asumidos polos Orzamentos Xerais do Estado. En adiante as cotizacións sociais destinaranse ao financiamento das pensións contributivas.

2ª. Nova disposición adicional quinta. Realizarase unha auditoría de ingresos e gastos do sistema desde 1967 a 2020, o que permitirá demostrar que a SS asumiu durante décadas gastos que non lle correspondían, o que facilitou que os partidarios da privatización argumentasen a existencia dunha débeda ficticia.

3ª. Nova disposición adicional 3ª. Faise referencia a que se debe asegurar o actual nivel das prestacións públicas medida pola taxa de substitución da pensión inicial en relación co salario, o que dificultará os intentos futuros de reducir as pensións iniciais.

4ª. Artigo 1.19 bis. Recoñecese o dereito ás pensións de viuvez das parellas de feito, acabando así cunha discriminación que prexudicaba centos milleiros de persoas.

5ª. Disposición adicional primeira. Ábrese a porta a un complemento ás pensións das persoas con longas carreiras de cotización, se ben a redacción final limita moito o número de persoas beneficiadas e a contía dos complementos.

6ª. Disposición final quinta bis. Por primeira vez se relaciona o importe das pensións co SMI, aínda que unha redacción voluntariamente vaga fará moi difícil que teña un impacto real no importe das pensións mínimas.



Aspectos negativos

A pesar destes aspectos positivos, consideramos que a nova lei nin garante o mantemento do poder adquisitivo das pensións actuais nin unhas pensións futuras dignas e suficientes.

1º. Artigo 1.1. A nova redacción do artigo 58 da Lei Xeral da Seguridade Social (LXSS), “as pensións da Seguridade Social, na súa modalidade contributiva ... revalorizaranse ao inicio de cada ano na porcentaxe equivalente ao valor medio das taxas de variación interanual expresadas en tanto por cento do Índice de Prezos ao Consumo dos doce meses previos a decembro do ano anterior” fará que a suba anual das pensións sexa sempre inferior á inflación acumulada.

O INE avanza unha inflación acumulada para final de novembro do 5,6%. Porén, a aplicación da nova fórmula de revalorización fará que as pensións se incrementen un 2,5%, cunha perda de poder adquisitivo do 3,1%. Incluso as pensións mínimas e non contributivas, que subirán un 3%, sufrirán unha leve perda de poder adquisitivo.

Até 2011, a fórmula utilizada garantía o mantemento do poder adquisitivo das pensións segundo o IPC real: 1) a principio de ano, as pensións subían tanto como o IPC previsto polo goberno, 2) a final de ano, se o IPC real superaba esa previsión, realizábase unha segunda actualización, 3) ao tempo as persoas pensionistas recibían unha paga compensatoria. As reformas de 2011 e 2013 acabaron coa garantía do mantemento do poder adquisitivo e provocaron grandes mobilizacións que culminaron nas manifestacións masivas contra o 0,25% de Fátima Báñez e conseguiron que nos últimos anos as pensións volvesen revalorizarse de acordo co IPC.

A redacción incluída na nova lei supón un paso atrás. Polo tanto, a defensa do valor adquisitivo das pensións volve ser un obxectivo central do movemento social en defensa do sistema público de pensións.

2ª. Mantense a idade legal de xubilación aos 67 anos. Unha medida inaceptábel tendo en conta que o normal no mercado de traballo español é a existencia de máis de 3 millóns de persoas paradas, un 40% de paro xuvenil e unha taxa de actividade feminina inferior nun 10% á masculina. Reclamamos a derogación da reforma das pensións de 2011 e a recuperación da idade de xubilación aos 65 anos.

3ª. Continuará a haber pensionistas pobres. En Galiza, o 46% das pensións están por debaixo do limiar de pobreza, 688€ mensuais en 14 pagas. A nova lei non soluciona a insuficiencia de millóns de pensións en todo o Estado.

4ª. Resulta moi preocupante a referencia ás previsións dos informes Ageing Report publicados periodicamente pola Comisión Europea (CE), que deixa aberta a porta a recortes futuros das pensións. A asunción dos criterios da CE conecta esta lei coa segunda parte da reforma das pensións que lidera o ministro Escrivá, o home das



finanzas na Seguridade Social, que busca abrir a porta aos plans privados de capitalización de empresa. O seu obxectivo é reducir a taxa de substitución das pensións públicas iniciais, e obrigar as traballadoras e traballadores a subscribir plans privados para converter unha parte das súa cotizacións sociais en produtos financeiros dos que bancos, compañías aseguradoras e fondos de investimento obteñan suculentas comisións, en total un 0,6% das cantidades achegadas.